


Camiño de Fisterra



DUMBRÍA - MUXÍA

Lugares polos que se pasa:

Dumbría, Trasufre, Senande, A Grixá, Quintáns, Ozón, Os Muiños, Moraime, Crecente, Muxía.

Dumbría – Trasufre 3.02 km



A igrexa parroquial, do século XVII, presenta na fachada unha portada románica do anterior templo. Tamén podemos ver na praza que a precede un cruceiro e un canastro.

Trasufre – Senande 2.42 km



Capela da Santiña, Nosa Señora do Espiño ou Aránzazu, fundada no século XVIII e ampliada no XIX. O 21 de setembro celébrase nas súas inmediacións unha romaría na que os fieis mollan os panos nas augas da súa fonte e despois déixanos pendurados das silveiras que hai na zona.

Senande – A Grixá 0.80 km

Na Grixá, igrexa de San Cibrán de Vilastose con campanario barroco exento situado ao outro lado do camiño. Posúe pranta de salón con dúas capelas aos lados, simulando un cruceiro. As capelas están dedicadas, unha á Virxe do Rosario, fundada por un fidalgo local e a outra á Concepción. Fundada pola familia dos Agulleiro, en época barroca.

A Grixá – Quintáns 2.99 km

En Quintáns destaca a Capela fundada no S. XVII e adicada a San Isidro Labrador e a Santa María da Cabeza, sen esquecer o cruceiro que se atopa no Campo de Abaixo da vila, nin por curiosas, dúas casas eclécticas de estilo indiano no centro do pobo.

Quintáns – Ozón 1.28 km



Priorato de San Martiño de Ozón ao que se ascende por unha calzada enlousada. Con cabeceira románica, conserva dúas ábsidas de pranta semicircular e espadana barroca. Un arco gótico une a igrexa e a actual rectoral.

Pecha o conxunto, un dos canastros máis longos de Galicia: 22 pares de pes e 27,3 m, datado no século XVIII.



Ozón – Os Muiños 3.72 km

Os Muiños – Moraime 0.72 km

Conxunto Histórico-Artístico –dende o 18 de agosto de 1972- románico rural galego do século XII fundado por monxes bieitos en torno ao século X. [Fotos](#)

A igrexa de San Xiao de Moraime é un edificio románico do século XII, de planta basilical con tres naves e tres ábsides.

As columnas que separan as naves son de forma cadrada exceptuando a última entre a nave central e a lateral norte que ten forma circular. Adosadas a cada pilar hai catro semicolumnas circulares que treman dos arcos formeiros de medio punto que separan as naves e os faxóns ou transversais sobre os que descansa o teito de madeira.

A nave central, máis ancha que as laterais, está dividida en cinco tramos con arcos de medio punto, a diferencia das naves laterais que os teñen apuntados.

O muro norte está dividido en cinco tramos separados por catro columnas que descansan sobre un bancal que percorre todo este muro. Entre este tramo atópanse, alternando, unhas fermosas ventás cegas, cuns vans que se abren ó exterior en talude.

A nave lateral sur presenta as mesmas características que a norte, aínda que con certas diferencias motivadas por estar adosado a ela o antigo mosteiro, que comunicaba coa igrexa por unha porta de grande valor arquitectónico, que ata hai pouco estivo tapiada.

Ademáis a decoración da igrexa está representada polos capiteis adornados con motivos vexetais e por unhas pinturas descubertas no ano 1970, debaixo da capa de cal que cubría as paredes interiores. Estas pinturas, divididas en oito lenzos,

representan os sete pecados capitais e a morte, á que lle disparan as súas frechas. Sobre a datación das pinturas hai diversas opinións: mentras que para uns son da época medieval, para outros a súa antigüedade non vai máis alá do século XVII. Debido á humidade estas pinturas están en moi mal estado de conservación.

A fachada principal está dividida en tres corpos, separados por dous contrafortes que se corresponden co arranque das naves. O corpo central de grande anchura é de onde sobrepasa o pórtico que da acceso ó interior da igrexa.

Nos corpos laterais ábreanse cadansúa ventá semicircular de fermosa construción, habendo enriba de cada unha un rosetón. Cada ángulo lateral da fachada remata nun campanario: o do lado norte conserva a súa forma orixinaria, o do lado sur está modificado.

O pórtico da fachada principal que da acceso á igrexa presenta unha forma abocinada por tres pares de columnas acodilladas con figuras, que segundo algúns autores representan ós Apóstolos, sobre as que descansan outras tantas arquivoltas con figuras en forma radial que nos fan lembrar ó Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago. No tímpano vemos figuras bíblicas a ámbolos lados do Salvador.

O muro lateral norte está composto de cinco contrafortes unidos en arco. O muro da parte sur está dividido por tres pilares e dous grandes contrafortes, recorrido por un alero a mediana altura que nos indica que a este muro estivo adosado o antigo mosteiro. É neste muro onde se atopa a porta descuberta no ano 1975, adornada con catro columnas decoradas con motivos xeométricos e flores de lis nos seus fustes e rematadas en fermosos capiteis. Tres arcos a modo de arquivoltas, adornados con diversos motivos, completan o trazado arquitectónico desta fermosa porta.

Nas xambas hai representadas a figura dun bispo e no lado oposto San Bieito co libro da súa Orde. No tímpano represéntase a Última Cea con Xesucristo no medio e tres Apóstolos a cada lado.

Preto da igrexa, fronte a parte sur da fachada vemos un edificio, construído a mediados do século XVIII, que substituíu ó primitivo mosteiro e que máis tarde se convertería en casa rectoral.

Durante o ano 1972 fixéronse unhas excavacións na leira que hai na parte sur da igrexa, baixo a dirección de D. Manuel Chamoso Lamas, nas que se atoparon restos de construcións e diversos materiais antigos, algúns deles atribuídos á época romana, e grande cantidade de enterramentos.

Na parte norte da igrexa está o campo cercado por un muro de pedra e presidido por un cruceiro, onde se celebran as festas patronais da parroquia. A rentes do muro sur deste campo pasaba o Camiño Real que se dirixía cara Muxía, hoxe de pouco uso debido a que o acceso a igrexa faise a través dunha pista, que continua cara os lugares de Casanovas, Oruxo -lugar onde se conserva un curioso hórreo facendo ángulo- e Xurarantes, aldea de interese polas construcións tradicionais que conserva.

Fonte: Concello de Muxía.

Moraime –Chorente 0.02 km

En Chorente, no alto do monte de S. Roque, hai unha capela e un cruceiro.

Olveiroa – Logoso 2.45

Chorente – Muxía 4.41 km

Santuario da Barca e as Pedras



Representa a historia e cultura propias da vila de Muxía, relacionado co Camiño Xacobeo e o culto ás Pedras da Barca.

Paseo Marítimo de Muxía



Comezando na Cruz percorre toda a beiramar ata chegar á explanada do porto.

Permítenos desfrutar dun bonito paseo nun ambiente de tranquilidade mentras se respira o aire puro procedente do mar.

IGREXA DE SANTA MARIA

Ao abeiro do Monte Corpiño e sobre unhas rochas, no extremo norte da vila de Muxía, sitúase a igrexa parroquial de Santa María de Muxía. Son poucos os datos que se teñen sobre a orixe deste fermoso templo. Sabemos que no ano 1203 foi doada polo Papa Inocencio III, con todas as súas pertenzas, ao mosteiro cisterciense de Carracedo (O Bierzo).

Pertence esta igrexa, a igual que moitas outras galegas, a un estilo románico de transición, formada por unha soa nave, con cuberta de madeira e dividida en tres treitos por dous arcos apuntados que se apoian en columnas adosadas ós muros laterais.

O ábside é de forma rectangular, accedéndose a el a través dun arco triunfal apuntado, apoiado, a igual que os outros tres que treman da bóveda, sobre semicolumnas todas elas rematadas en capiteis adornados con distintos motivos.

A porta principal da igrexa, que da ao antigo camiño que conducía ao Santuario da Barca, é tamén de arco apuntado, cunha arquivolta adornada cun bocel e apoiada sobre dúas columnas que teñen por base **dous capiteis de mármore, que algúns autores consideran de orixe romana**. O tímpano é liso, apoiándose sobre ménsulas esculpidas, unha delas semellando a figura dun frade. E posible que a escultura de

pedra que agora está dentro da igrexa, entrando á dereita, ocupase noutro tempo este tímpano.


Tanto na parte sur coma no testeiro da igrexa aparecen contrafortes que axudan a reforzar os muros. Na parte sur, entre dous contrafortes, ábrese unha porta de forma rectangular. Baixando unhas escaleiras e adosado a este mesmo muro está o sartego do párroco D. José Fondevila Martínez, falecido o ano 1874, benefactor do Santuario da Barca.

Nesta mesma banda da igrexa, no lugar onde se construíron uns nichos, atopábase a capela da Encarnación, derrubada non hai moitos anos. Esta capela de forma cadrada, cunha porta de arco semicircular, era unha obra do século XVI e foi fundada por Alonso García, veciño de Muxía.

Adosada ao muro norte, á que se accede dende o interior da igrexa a través dunha porta oxival, atópase a interesante capela do Rosario de estilo gótico, construída a finais do século XIV, de forma rectangular, cuberta con bóveda de crucería na que os seus arcos diagonais apoianse en cada esquina sobre ménsulas rematadas en fermosos capiteis.

Fonte: Concello de Muxía.

OS SECADOIROS DE CONGRO DE MUXÍA



O secado do congro é un sistema de conservación artesanal deste peixe que data de moi antigo. O lugar onde se realiza este secado denomínase secadotiro de congro e está formado por un almacén e unhas estruturas de troncos de madeira colocados horizontal e verticalmente, denominadas cabrias. As cabrias teñen unha estética moi chamativa, cos congros colgados a secar semellando pechellos ou coiros, e as persoas que visitan Muxía acostuman preguntar que son estas estruturas.

Os secadotiros de congro xa aparecen citados en documentos de principios do século XVII. Houbo secadotiros ao longo de toda a costa galega, pero en Muxía é o único lugar onde aínda se conservan.


A arte de pesca que máis se utiliza para pescar este peixe é o palangre.

PROCESO DE TRATAMENTO DO CONGRO NO SECADOIRO:

1. A cabeza do congro ábrese á metade para facerlle un oco para colgalo no banco. Esta acción recibe o nome de esmonifado.
2. O congro xa colgado no banco ábrese á metade e quítaselle a tripa, cabeza e parte do espiñazo. Este proceso recibe o nome de lañado ou rascado.

3. O congro lávase en auga de mar nos píos.
4. Cun couteiro moi afiado e con forma de fouza fánsele os ocos polos que pasará o aire para curalo. Estes cortes danlle ao peixe unha aparencia semellante a unha rede.
5. Por un extremo do peixe e todo ao longo, pásaselle una cana polos ocos de xeito que ao colgalo quede estirado formando unha especie de rede pola que pasará o aire. Esta acción é o envarado.
6. O congro xa envarado colgase nas cabrias para que v a i a curando. O máis fresco colócase na parte máis alta e máis baixando a medida que vai curando. O último curado realízase nos valados de arredor do secadotiro.
7. Aos congros xa secos quítanselle as canas, prénsanse e átanse facendo logo fardos envoltos en arpilleira. Este é o embalado.

Curiosamente todo o congro dos secadotiros de Muxía expórtase a outras zonas da península pois na vila só se consume o congro fresco.



VOCABULARIO

CONGRO.
s m ANIMAL. Peixe mariño de corpo alongado e cilíndrico. A súa pel é gris escura no lombo e moi clara no ventre e non ten escamas. É moi escorregadizo. Ten unha boca grande e dous pares de orificios nasais. Logo da posta, os dous sexos morren.

PALANGRE.
Aparello de pesca que se prepara en cestas e que consta dunha liña principal longa (nai) provista de cortizas flotadoras das que saen outras liñas secundarias provistas de anzóis (morcelada). Pincho.

CABRIA.
Estrutura de troncos de madeira colocados vertical e horizontalmente onde se colgan os congros a secar unha vez envarados.

ESMONIFADO.
Acción de abrir á metade a cabeza do congro para facerlle un oco e colgalo no banco.

LAÑADO OU RASCADO.
Proceso de abrir o peixe para limpalo. Ao congro quítanselle as tripas e parte do espiñazo.

BANCO.
Estrutura de madeira que baí no almacén e onde se colga o congro para proceder ao lañado. Consiste nunha táboa inclinada que na súa parte máis alta vai apoiada na parede e é onde se engancha a cabeza do congro, na parte baixa leva dúas patas e por ela colga o rabo do peixe.

PÍO.
Pia de pedra de grande tamaño. Nos secadotiros lávase os congros varias veces nos píos, unha vez lañados e limpos.

(Datos recollidos do libro "Muxía e o seu concello" de Fernández Carreira e Bivadalla Postal. (Fotografías de Xesús Búa).

ENVARADO. Acción pola que se lle coloca unha vara ou cana ao congro ao longo do corpo, en sentido horizontal e a través dos ocos para colgalo. Amárrase a cabeza e o rabo para que quede ben estirado.

EMBALADO. Proceso de prensado do congro e colocación en fardos envoltos en arpillera.

RECETA PARA PREPARAR O CONGRO SECO

Na Semana Santa en Muxía celébrase A Festa do Congro, pero as receitas que se preparan nesta festa gastronómica adoitan ser de congro fresco (Caldeirada, en salsa verde, empanada, con arroz...).

Aínda que en Muxía non é costume consumir o congro seco, coñecemos algunhas receitas das que se preparan fóra de Galicia co congro que lles chega de aquí. A forma máis tradicional de preparalo é a seguinte:

O congro seco hai que cortalo e poñelo en remoío o día anterior á súa preparación.

Para preparalo, fírense uns dentes de allo e uns anacos de pan e fógol máchucase todo xunto nun morteiro. Logo de cocer o congro reserzamos unha canca de auga desta cocadura e con este caldo e a mestura de pan frito e allos elaboramos un mollo no que daremos un fervor ao peixe. No momento de servilo engadénselle dous ovos estrelados.

É importante destacar o papel da muller nos secadoiros de congro. Tradicionalmente foi, principalmente, a muller a que se dedicou a este oficio (aínda que tamén traballaron e traballan homes). En Muxía temos exemplos de mulleres que traballaron moi duro nos secadoiros, nun oficio que ademais existe moita dedicación.

A elas dedicamos o noso agradecemento por ser quen de conservar unha técnica artesanal que forma parte da nosa identidade e que se reflicte na paisaxe da nosa vila na figura emblemática das cabrias.

Nos secadoiros do congro abaxean peletas de vento.
O sol lambe as feridas do solpor.
O sol crava os ollos con noxo
no coágulo da súa sombra gravado.

Mámmel Rivas

"OS SECADOIROS DE CONGRO DE MUXÍA"

Os secadoiros de congro son un sinal distintivo de Muxía, pois é nesta vila o único lugar onde se conservan e ademais seguen funcionando.



CONCELLERÍA
DE SERVIZOS SOCIAIS
CONCELLO DE MUXÍA

FINANCIADA POR:
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA